

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Expte. Subvención 6405/2019 Expte. Deputación 2020023037 Expte. Deputación 2020023066	Expte. Actuación preparatorias contratos: 1266/2021	Expte. Actuación preparatorias contratos: 1266/2021. Control arqueolóxico	Expte. Contratación: 3049/2021
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA E RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado con división en lotes.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas			
Prezo estimado: 212.027,92 €		IVE: 44.525,86 €	
Orzamento base de licitación: 256.553,78 €			
Duración REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA: 3 MESES (90 días)			
Duración RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO: 4 MESES (120 días).			

Visto que, no *expediente de subvención 6405/2019*, constan as notificacións das resolucións concesión de axudas, outorgadas pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020), para levar a cabo os investimentos “**REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA e RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO**”, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

Visto que, no *expediente de subvención n.º 6405/2019*, as aceptacións das subvencións seguintes:

► Decreto da Alcaldía 2020-0655, de data 18/06/2020, aceptouse a subvención concedida pola Excm. Deputación de Pontevedra para as obras de “**REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA**”

Investimento PC2020	Nº Expte	Subvención	Fondos
REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA	2020023037	112.559,46	0,00

► Decreto da Alcaldía 2020-0705, de data 01/07/2020, aceptouse a subvención concedida pola Excm. Deputación de Pontevedra para as obras de “**RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO**”

Investimento PC2020	Nº Expte	Subvención	Fondos
RENOVACIÓN URBANA PRAZA SAN GREGORIO	2020023066	143.994,32	0,00

Resultando que, no *expediente de subvención 6405/2019*, constan os **informes de supervisión dos proxectos**, emitido polo técnico municipal,

REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA	
<i>VIABILIDADE PATRIMONIAL, considérase viable o proxecto, toda vez que os terreos necesarios para a execución das obras:</i>	
Son de titularidade do Concello:	SI
Necesidade recurrir á expropiación:	NON
Disposición de terreos particulares ou alleos:	NON



VIABILIDADE SECTORIAL. As obras a que se refire este proxecto están afectadas pola lexislación sectorial seguinte:

Como quiera que las obras, se encuentran en el ámbito del PE-1 del Conjunto Histórico-Artístico de Cambados, será preciso el dictamen favorable de la Comisión Técnica do Patrimonio Histórico de Cambados, así como cumplimentar lo solicitado en el informe del Técnico Municipal del Patrimonio de fecha 24.03.2020, adjunto a este expediente.

EXPT. ACTUACIÓN PREPARATORIAS DE CONTRATOS 1649/2021. Consta ditame **favorable** da Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal, 01/10/2021, así como Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 30/06/2021 pola que se autoriza a realización do Control Arqueolóxico.

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA:

Urbanisticamente os terreos afectados por esta obra dispoñen da clasificación de urbanos e están regulados pola Ordenanza n.º PE-1 (Plan Especial do CHA) y Ord. 3, de acordo coas vixentes NN.SS.MM. do Concello de Cambados.

A obra cumpre coa normativa urbanística vixente neste término municipal conformada polas Normas Subsidiarias Municipais, así como pola lexislación sectorial aplicable neste caso, cumprindo coas tramitacións, usos, volumetría e condicións estéticas que estas propoñen, polo tanto se axustan a lexislación urbanística aplicable e conformada polas seguintes normas legais:

- 1.- Normas Subsidiarias Municipais aprobadas definitivamente pola Orde de 2 de marzo de 1.995, do Conselleiro de Política Territorial, publicadas no B.O.P. de Pontevedra de data 20 de Marzo de 1.995.
- 2.- Modificacións puntuais aprobadas polo Pleno municipal en sesións de data 29.12.1994, 11.03.1997 y 21.10.1997.
- 3.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- 4.- Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da anterior Lei, publicada no DOGA de 09.11.2.016

RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO

VIABILIDADE PATRIMONIAL, considérase viable o proxecto, toda vez que os terreos necesarios para a execución das obras:

Son de titularidade do Concello:	SI
Necesidade recurrir á expropiación:	NON
Disposición de terreos particulares ou alleos:	NON

VIABILIDADE SECTORIAL. As obras a que se refire este proxecto están afectadas pola lexislación sectorial seguinte:

Debido a que esta actuación de renovación urbana está dentro do Conxunto Histórico-Artístico, en cumprimento do Plan Especial, o Proxecto arquitectónico deberá ser avaliado pola Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal. Así mesmo o proxecto inclúe escavacións e movemento de terras para a renovación do pavimento, pero sobre todo para a realización de gabias para as dotacións e instalacións públicas, o Concello deberá encargar un Proxecto de Control arqueolóxico, nos termos establecidos na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na C.A de Galicia, para o seu tramite de autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia.

EXPT. ACTUACIÓN PREPARATORIAS DE CONTRATOS 1622/2021. Consta ditame **favorable** con condición da Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal, 07/07/2020; informe favorable do Técnico Municipal de Patrimonio Cultural, 12/05/2021, así como Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 28/05/2021 pola que se autoriza a realización do Control Arqueolóxico (Expte. 1266/2021).

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA:

Urbanisticamente os terreos afectados por esta obra dispoñen da clasificación de urbanos e están regulados pola Ordenanza PE-1 (Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico de Cambados), de acordo coas vixentes NN.SS.MM. do Concello de Cambados.

A obra cumpre coa normativa urbanística vixente neste término municipal conformada polas Normas Subsidiarias Municipais, así como pola lexislación sectorial aplicable neste caso, cumprindo coas tramitacións, usos, volumetría e condicións estéticas que estas propoñen, polo tanto se axustan a lexislación urbanística aplicable e conformada polas seguintes normas legais:

- 1.- Normas Subsidiarias Municipais aprobadas definitivamente pola Orde de 2 de marzo de 1.995, do Conselleiro de Política Territorial, publicadas no B.O.P. de Pontevedra de data 20 de Marzo de 1.995.
- 2.- Modificacións puntuais aprobadas polo Pleno municipal en sesións de data 29.12.1994, 11.03.1997 y 21.10.1997.
- 3.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- 4.- Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da anterior Lei, publicada no DOGA de 09.11.2.016

Resultando que, no **expediente de subvención 6405/2019**, consta o Decreto de Alcaldía, 2020-0544, de data 20/05/2020, polo que se presta aprobación aos proxectos de **“REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA” e “RENOVACIÓN ÚRBANA DA PRAZA DE**



SAN GREGORIO”, sendo este último proxecto modificado para adaptalo á normativa de Patrimonio, aprobándose novamente por Decreto da Alcaldía 2021-0654, de data 13/05/2021.

Investimento	Total presuposto base licitación
Reurbanización Rúa Nova	112.559,46 €
Renovación urbana Praza San Gregorio	143.994,32 €

Resultando que, no **expediente de subvención 6405/2019**, constan as actas de trazado previo, das obras de **“REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA” e “RENOVACIÓN ÚRBANA DA PRAZA DE SAN GREGORIO”**, asinadas en data 20/05/2020, polo concelleiro de obras públicas, D. Samuel Lago Ozón e polo técnicos redactores dos proxecto.

Visto que o prezo estimado do contrato é inferior a 2.000.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adxudicarse por procedemento aberto simplificado con división en lotes.

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTES
1.- Reurbanización Rúa Nova	93.024,35	19.535,11	112.559,46
2. Renovación urbana Praza San Gregorio	119.003,57	24.990,75	143.994,32
<i>Inversión total proxecto.</i>	212.027,92	44.525,86	256.553,78

Vista a constancia da Memoria xustificativa do órgano de contratación da necesidade do contrato de 15/09/2021.

Visto que consta no expediente a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas:

LOTE 1.- REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA			
IMPORTE	APLICACIÓN	PROXECTO DE GASTO	DOCUMENTO R.C.
112.559,46 €	1533.61920	2021/0018	2021/EP/008157
LOTE 2.- RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO			
IMPORTE	APLICACIÓN	PROXECTO DE GASTO	DOCUMENTO R.C.
143.994,32 €	1533.61902	2021/0021	2021/EP/009459

Visto o informe xurídico da Secretaría relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 19/10/2021.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 20/10/2021.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional



Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao **Anexo de definición de melloras** das obras de “**RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO**”, redactado pola arquitecta D^a Paula Alfonso Laya, que se atopan incorporadas ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

SEGUNDO.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de “**REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA E RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO**” e que forma parte do expediente.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de contratación nº 3049/2021, tramitado para a adxudicación por *procedemento aberto simplificado con división en lotes* das obras de “**REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA E RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO**”, incluídas no Plan Concellos 2020.

Os lotes que se establecen son os seguintes:

LOTE 1	REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA
LOTE 2	RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE SAN GREGORIO
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas.	

O valor estimado de cada un dos lotes é o seguinte:

LOTE 1.- REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA		
Execución material		78.171,73
Gastos xerais 13%	10.162,32	
Beneficio industrial 6%	4.690,30	
Valor estimado do contrato		93.024,35

LOTE 2. - RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA DE SAN GREGORIO		
Execución material		100.003,00
Gastos xerais 13%	13.000,39	
Beneficio industrial 6%	6.000,18	
Valor estimado do contrato		119.003,57

Os orzamentos base de licitación de cada un dos lotes son os seguintes:

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTES
1.- Reurbanización Rúa Nova	93.024,35	19.535,11	112.559,46
2. Renovación urbana Praza San Gregorio	119.003,57	24.990,75	143.994,32
<i>Inversión total proxecto.</i>	212.027,92	44.525,86	256.553,78



CUARTO.- Autoriza-lo gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

LOTE 1.- REURBANIZACIÓN DA RÚA NOVA	
IMPORTE	APLICACIÓN
112.559,46 €	1533.61920
LOTE 2 .- RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO	
IMPORTE	APLICACIÓN
143.994,32 €	1533.61902

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>) e insertar a documentación correspondente na ferramenta SILEX da Consellería de Facenda (https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

SEXTO.- A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

SÉTIMO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Asinado electronicamente.
A alcaldesa.
D^a Fátima Abal Roma.

O secretario.
D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor.

